

# Formato do exercicio

---

## Duración

- Este exercicio terá unha duración máxima de 1 hora.

## Formato

- A proba constará de 10 cuestións tipo test e unha redacción.
- As cuestións teñen catro posibles respostas, das que só unha é válida.

## Puntuación

- Cada cuestión correctamente contestada outorgará 0,5 puntos.
- Cada resposta incorrecta restará 0,125 puntos.
- As respostas en branco non descontarán puntuación.
- De apareceren dúas respostas marcadas na mesma cuestión, a resposta considerárase incorrecta.
- A puntuación máxima da redacción é de 5 puntos.
- A puntuación total do exercicio é de 10 puntos.

## Procedemento

- O exame realizarase con bolígrafo azul ou negro.
- A letra da resposta escollida será marcada cun círculo: (A)
- Debe asinar o exame antes de entregalo.

# Exercicio de coñecemento do idioma galego

## O soño do Apolo

A moitos a morte de Neil Armstrong lembroulles a viaxe á Lúa. A outros, en cambio, tamén nos fixo decatarnos de que, despois del, case ninguén volveu ir. En total, tan só doce persoas camiñaron sobre a superficie do noso satélite. Non son moitas para un corpo celeste que está tan só a uns catro meses en coche. O certo é que a aluaxe quedou como unha rareza, mesmo na exploración espacial, un espellismo do que se pensaba que sería e non acabou de ser. Non é que a investigación no espazo se detivese. Pero o que isto ía ser era o comezo do futuro, dun futuro no que ía haber cidades na lúa e viaxes espaciais privadas en cuestión duns poucos anos, e o que resultou ser é un grandioso momento épico do pasado, unha nostalxía. Incluso a palabra aluaxe perdeu ultimamente moito do seu lustre e hoxe serve para referirse sobre todo a unha técnica para roubar xoierías.

A explicación é que a viaxe á Lúa non tivo continuidade porque nunca formou parte da exploración do espazo, senón da Guerra Fría. A Lúa xa era moi coñecida para os científicos e, aínda que si tiña sentido facer aluar un vehículo para recoller mostras, a decisión de que fose un voo tripulado non engadía nada en si á parte técnica da misión.[...]

Se se pensa un pouco e se deixa de lado a Verne, tamén ten certa lóxica que non houbera cidades na Lúa. Semellaba ser unha solución para unha catástrofe ecolóxica ou nuclear na Terra e, no noso entusiasmo, raramente reparabamos en que a Lúa é a que é, en certo xeito, o resultado dunha catástrofe ecolóxica: un espazo devastado pola erosión onde non hai auga nin aire. Facer viable a vida humana no noso satélite sempre será máis caro e máis difícil ca resolver o mesmo problema na Terra.

Miguel Anxo Murado, [www.huffingtonpost.es](http://www.huffingtonpost.es) (adaptación)

1. Segundo o texto, por que as viaxes á Lúa non tiveron continuidade?

- A Porque non formaban parte da exploración espacial, senón da Guerra Fría.
- B Porque saían moi caras para os gobernos.
- C Porque xa se sabía todo da Lúa.
- D Porque a Lúa está moi lonxe.

2. Segundo o texto, que pensabamos que se faría na Lúa?

- A Levar as industrias á Lúa.
- B Crear cidades e viaxes espaciais privadas.
- C Só serviría para recoller mostras.
- D Solucionar os nosos problemas ecolóxicos.

3. Segundo o texto, a Lúa é o resultado dunha catástrofe ecolóxica...

- A porque se produciu unha erupción que a arrasou.
- B porque o ser humano a arrasou coa súa industria.
- C porque o choque dun meteorito a arrasou.
- D porque é un terreo erosionado, sen aire nin auga.

4. O autor sinala que as viaxes á Lúa foron un espellismo. Por que?

- A Porque se produciu unha catástrofe medioambiental.
- B Porque nunca se chegou á Lúa.
- C Porque nada do que esperabamos facer alí sucedeu.
- D Porque nunca regresaron das viaxes.

5. Indique cal é a serie correcta.

- A Alunizaxe, alucinado, alunar, lunar.
- B Luar, alucinado, alunar, aluaxe.
- C Alunado, alucinado, aluar, aluado.
- D Luar, aluar, aluaxe, aluado.

6. Por que *Lúa* e *Terra* se escriben con maiúscula?

- A Porque o autor quere resaltar estes nomes.
- B Porque son nomes comúns.
- C Porque son dous nomes propios.
- D Porque o autor así o decidiu libremente.

7. «Ía haber» é unha perífrase verbal que expresa...

- A futuro.
- B obrigación.
- C duración.
- D resultado.

8. Cal das seguintes formas non é correcta en galego:

- A Coarenta.
- B Trece.
- C Dezaseis.
- D Cincuenta.

9. Sinale a relación incorrecta singular/plural:

- A Papel/papeis.
- B Díficil/difíciles.
- C Sol/sois.
- D Xornal/xornais.

10. Indique cal é a serie correcta.

- A A traxe, a paisaxe, a coraxe.
- B O traxe, o paxe, o garaxe.
- C A viraxe, a paraxe, o linguaxe.
- D O carraxe, o plumaxe, a garaxe.

## Exercicio de redacción

Redacte un artigo de divulgación sobre as viaxes turísticas ao espazo. Non esqueza:

- Sinalar o seu obxectivo e o perfil de usuario ao que se dirixen.
- Valorar as súas repercusións sociais, medioambientais, económicas, políticas....
- Expoñer a súa opinión ao respecto.

Valorarase a corrección ortográfica, gramatical e formal, así como a adecuación do contido ao tema proposto e o uso dun vocabulario apropiado.

Extensión aproximada: 150 palabras.

As viaxes espaciais, a tentación de ingravidade, son elementos moi atractivos para as grandes fortunas do planeta. Sentir a experiencia de seren astronautas por uns intres é o soño de moitos cativos, mais aló do éxito noutras profesións nas que se require maior esforzo.

Pague, vostede que pode, o importe do voleto. Sentese comodamente na súa cadeira asignada co seu nome e disfrute. Mais nada ten que facer.

Polo de agora, tampouco parece que a experiencia resulte tan altamente atractiva. De seren así, escoitaríamnos mais novas ao respecto.

Na sociedade actual, as viaxes ao espacio é o derroche económico que supón, non parece estar moi ben aceptado. O mundo que nos rodea, cheo de conflitos bélicos fai pensar nas necesidades principais e fundamentais da humanidade.

Non nego que os resultados das investigacións que se fan nas viaxes espaciais teñan a súa repercusión, pero unha cousa é investigar e outra darse un paseo.

Coido que os esforzos dos gobernos deben centrarse nos problemas do noso planeta e dos seus habitantes. Témoslos a moreas.

